



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Asunto: ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PADRÓN DO 2022, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, EXPTE. 07/2022-SPF

En data 27 de outubro de 2022 e sendo as 9:40 horas, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a selección de persoal funcionario da escala da administración xeral grupo A, subgrupo A1, polo sistema de oposición, baixo a presidencia de Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos; e coa asistencia dos vogais: Fernando Adolfo de Abel Vilela, profesor titular da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, José Manuel González García, secretario da Administración Municipal de Santiago de Compostela e Graciela Riveiro Moreira, secretaria do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña; actuando como secretario Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos, **quen dá fe do acto.**

1.- SEGUNDO EJERCICIO ESCRITO, OBLIGATORIO E ELIMINATORIO.

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de dúas horas, tres temas de entre os incluídos na parte específica do programa establecido no Anexo I das presentes bases, determinado ao chou polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio mediante sorteo público.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Para elo, serán debidamente convocados polo Tribunal e teranse en conta as medidas sanitarias derivadas da COVID-19.

Os criterios esenciais de valoración desta proba son o nivel de coñecementos, a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e a precisión na exposición.

2. SORTEO ALEATORIO

Por parte do tribunal realizouse un sorteo aleatorio ante os aspirantes. O sorteo programouse na seguinte web que xera números aleatorios: www.augeweb.com/azar/es127565 (Data e hora do sorteo: 27/10/2022 10:02:00)

No que saen os seguintes temas:

58. Xestión dos servizos públicos: Formas de xestión; directa e indirecta. Cambios nas formas de xestión: supostos e procedemento.

32. O control interno da actividade económico-financeira das entidades locais e dos seus entes dependentes. A función interventora: Ámbito subxectivo. Ámbito obxectivo e modalidades. O control externo da actividade económico-financeira.

6. A organización municipal. Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios: comisións Informativas e outros órganos. Estatuto dos membros electivos das corporacións locais. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

O exame comeza ás 10:10 e remata ás 12:10.

Os exames quedan custodiados na secretaría municipal en sobre pechado e asinado (cadanseu exame) por cada ún dos opositores.

3. ASISTENTES

Os asistentes á realización deste segundo exercizo son:

Aspirante	ASISTE AO EXAME	ASISTE Á LECTURA EXAME
REBOREDO FRAGA, VANESSA	Si	Si
SANTIN CASTRO, HUGO	Si	Si
RODRÍGUEZ VARELA-GRANDAL, ALEXANDRA.	NON	NON
RODRÍGUEZ VAAMONDE, MARÍA DEL MAR.	Si	Si
PÉREZ GRADAILLE, ROSA MARÍA	Si	Si
PINTOS CAPEÁNS, JESÚS MANUEL	Si	Si
AGRAFOJO DE SANTIAGO, LAURA	Si	Si
CARRAMAL SILVA, MANUEL	Si	NON
REY BARRAL, EDUARDO JOSÉ	NON	NON

4. LECTURA.

O tribunal acorda que a lectura deste exercizo se realice en acto público o mesmo día. Para o cal estarán chamados todos os aspirantes que asistiron ao exame en chamamento único media hora logo da finalización da proba. Comeza a lectura ás 12:40.

5. VALORACIÓN DO SEGUNDO EXAME DO PROCESO DE OPOSICIÓN.

Considerando os criterios técnicos determinados polo Tribunal con carácter previo ás lecturas dos exames e efectuada unha nova lectura e análise dos mesmos polos membros procédese a outorgar por unanimidade as seguintes cualificacións:

Nome	Puntuación
------	------------



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

REBOREDO FRAGA, VANESSA	5,00
SANTIN CASTRO, HUGO	NON APTO/A
RODRÍGUEZ VARELA-GRANDAL, ALEXANDRA.	NON APTO/A
RODRÍGUEZ VAAMONDE, MARÍA DEL MAR.	NON APTO/A
PÉREZ GRADAILLE, ROSA MARÍA	8,5
PINTOS CAPEÁNS, JESÚS MANUEL	NON APTO/A
AGRAFOJO DE SANTIAGO, LAURA	6,5

Constan no expediente as notas e apuntamentos dos membros do tribunal para determinar e xustificar as puntuacións anteriormente sinaladas.

6. CONVOCATORIA DO TERCEIRO EXERCICIO.

O tribunal acorda convocar a aquelas persoas que obtiveron unha puntuación igual ou superior aos 5 puntos no segundo exercicio da presente oposición, e polo tanto obtiveron a condición de persoas aptas, á celebración do terceiro exame e a súa lectura.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na redacción dun ou varios supostos prácticos de carácter procedimental e administrativo que determinará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos ás tarefas administrativas propias da subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

No caso de que o tribunal estableza varios supostos e que non se valoren de forma idéntica todos eles, deberá darse a coñecer aos/as aspirantes a puntuación de cada suposto con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación de cada suposto, reputarase que teñen idéntica valoración cada un deles.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

PUBLICIDADE e CONVOCATORIA DO TERCEIRO EXERCICIO para todos aqueles aspirantes que superaron o segundo exercizo realizase a convocatoria:

DÍA: 18 de novembro de 2022

HORA de comezo: 10:00 horas

LUGAR: Auditorio Municipal do Concello de Padrón, situado no Campo do Souto, s/n, 1º Andar, Padrón, A Coruña.

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 15:05 horas o presidente da por rematada a sesión de todo do que eu secretario dou fe. Dase un prazo de cinco días hábiles para reclamacións.